

## ¿Como?

- O proxecto desenvolverá as seguintes fases de traballo:
- Elaboración dun inventario dos residuos xerados polas empresas pertencentes a FERROLTERRA.
  - Identificación de necesidades particulares nas empresas participantes e desenvolvemento de planteamentos de actuación preliminares, a través de diagnósticos individuais en empresas.
  - Plan de acción REXENERA. Creación dunha Bolsa de Residuos.
  - Seguimento Plan de Acción REXENERA. Indicadores.

## Beneficios ambientais esperados:

- Fomento da **redución, reuso e a reciclaxe** de residuos.
- Diminución da **xeración dos residuos nas empresas.**
- Diminución da **contaminación ambiental e problemas de saúde xerada polo desaxeitado manexo dos residuos.**
- Redución dos **custos de tratamento e disposición final de residuos.**
- Aforro **nos custos de manexo** de residuos.
- Xeración de fontes de traballo **dedicado á actividade da reciclaxe.**



## ¿Que pretendemos?

O proxecto pretende reducir o volume de residuos xerados e os custos medioambientais e económicos asociados nas empresas da Asociación de Empresarios FERROLTERRA. En concreto o proxecto REXENERA orientase á consecución dos seguintes obxectivos:

1. A **sostibilidade ambiental** ao reducir e minimizar, tanto en volume coma en carga contaminante, a produción de residuos industriais.
2. **Fomentar a recolleita selectiva** de residuos e a reutilización de produtos e materiais usados, a utilización de materiais reciclados e a súa posta no mercado, así como outras formas de valorización.
3. A **identificación e introdución progresiva** nas empresas das Melloras Tecnoloxías Dispoñibles (BAT&Best Available Technologies), tecnoloxías limpas e procesos que optimicen os consumos de materiais (reducindo custos na empresa) e reduzan o volume de residuos xerados.
4. **Conseguir o crecemento económico e a competitividade** das PEMES nela localizadas, mediante a innovación, a mellora da súa eficiencia e a obtención de valor engadido extra polos seus residuos.

## ¿Quen?

As empresas pertencentes á Asociación de Empresarios Ferrolterra ▶



Se desexa participar nas actuacións individuais a levar a cabo no proxecto REXENERA, inscríbese!!!

## Inscripción:

Para participar nas actuacións de asesoría de diagnóstico individual envíe petición ao seguinte enderezo

[info@empresarios-ferrolterra.org](mailto:info@empresarios-ferrolterra.org)

**REXENER**

Mira por todos, mira por ti.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIOAMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS

O proxecto levarase a cabo grazas á cofinanciación da  
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

